

# MAGOSTO 2017

DATA: 13 de novembro do 2017.

CURSOS: E.I, E.P e E.S.O.

RESPONSABLES: Comisión do Magosto.

COLABORAN: Titores/as e non titores/as.

OBXECTIVOS:

- Coñecer e apreciar a festa popular do Magosto.
- Mellorar o coñecemento e a valoración de si mesmos e do medio social, cultural e natural.
- Adquirir habilidades para traballar en grupo, relacionarse e desenvolver pautas de convivencia.
- Fomentar o gusto polas nosas tradicións.

ACTIVIDADES:

Nas semanas previas temos que pedirlle ao alumnado que traian unhas poucas castañas para entregar aos titores/as.

Realizar diferentes tarefas como manualidades, contos... para ir introducindo os nenos e nenas na celebración desta festa popular.

Celebrarase o día *13 de novembro pola tarde*:

- ✓ Pola mañá haberá clase no seu horario habitual.
- ✓ Terán que traer cada un/unha a súa comida e bebida.
- ✓ Sairemos cara o parque ás 13:30 h.
- ✓ Xantaremos ao redor das 14 h.
- ✓ Entre ás 14:45 h. e as 17 h. realizaremos un circuíto de xogos populares cun premio final.
- ✓ Ed. Infantil e o 1º ciclo de Ed. Primaria comerán no colexio e o rematar irán ao balneario para continuar a celebración facendo xogos variados e recollida de landras (viveiro).
- ✓ Regresaremos ao centro escolar ás 17 h. e sairemos no horario normal de clase.